

COMUNICADO 29 DE OUTUBRO. COVID- 19 e PEDICULOSE

Prezadas familias,

Antes de nada desexar a todas e a todos que se atopen ben de saúde.

Como poden observar, estamos nun momento complicado da chamada “segunda onda” da pandemia do Covid-19.

Somos conscientes de que están a facer todo o necesario para evitar posibles contaxios, pero isto é sumamente difícil.

Dende o Colexio, pregámoslles extremar ao máximo as medidas preventivas.

Para iso insistimos en tomar aos seus fillos/as a temperatura tódolos días e no caso de teren febre non mandalos ao Centro.

Pero non só a febre é síntoma de Coronavirus, hai outros moitos e que se poden confundir cos habituais doutros anos: gripe, catarros, dor de gorxa...

Ante a aparición de calquera destes síntomas, insistimos en que se poñan en contacto cos servizos sanitarios e eles xa lles indicarán os pasos a seguir.

Sen pórse en contacto con eles, agradeceríamos non enviasen os nenos ao colexio.

Tamén algunhas familias nos informan da aparición doutro andazo, menos importante se o comparamos co outro, pero ao que debemos facer fronte: A PEDICULOSE (infestación de piollos).

Cando se sabe que un neno ten piollos hai que iniciar o tratamento rapidamente, e se o neno acode á escola avisarase desta situación o máis axiña posible. Tamén é preciso revisar a cabeza de todas as persoas que viven no fogar. Ademais tomaranse as medidas hixiénicas precisas.

E recorde:

- O tratamento da pediculose necesita tempo e perseveranza.
- Respecte as normas e as pautas.
- ***A pediculose non ten nada que ver coa falta de hixiene, nin ten que ser motivo de vergoña.***
- Se se respectan as normas de actuación e as pautas do tratamento, os piollos desaparecen.

Moitas grazas pola súa colaboración.

A DIRECCIÓN